Envellecemento activo e saudable

Artigo 96. Criterios xerais de actuación para o envellecemento activo e saudable

Achega: Aptdo. 1. Igualmente dotará tódalas estas políticas dos preceptivos informes sobre a poboación envellecida, tendo en conta especialmente a perspectiva de xénero (non son as mesmas patoloxías, nin son as mesmas necesidades), así como a perspectiva de territorio (as necesidades son diferentes dependendo de onde vivas). De tal xeito que permitan unha mellor planificación e un reparto equilibrado e equitativo dos recursos.

Artigo 98. Economía do envellecemento

Achega: A administración autonómica en colaboración coa administración local, promoverán no ámbito das súas competencias, o desenvolvemento dun "prego de condicións mínimas" para a prestación dos Servizos de Axuda no Fogar, de tal xeito que os requerimentos sexan os mesmos en todo o territorio e que polo tanto, a prestación do servizos e as condicións laborais sexan equiparables en todo o territorio e para tódalas entidades prestadoras do mesmo –tanto dende o público como dende o privado-; de tal xeito que se mellora e calidade, a estabilidade no emprego e a prestación do servizo, nun sector absolutamente feminizado.

Achega: A administración autonómica desenvolverá un programa de apoio as persoas coidadoras, implementando as axudas necesarias para o apoio económico familiar así como programas de apoio e respiro familiar dotados con suficientes prazas residenciais ou con profesionais de asistencia que poidan prestar o servizo en todo o territorio.

Achega: A administración autonómica promoverá o recoñecemento profesional das coidadoras informais das persoas dependentes, a través das fórmulas de acreditación de experiencia ou horas de atención e coidado a persoas dependentes no ámbito do fogar; como un mecanismo de favorecer a empregabilidade das persoas –maioritariamente mulleres- que se dedican aos coidados no ámbito familiar.

Artigo 101. Atención a domicilio para persoas maiores

Achega: A administración autonómica en colaboración coa administración local, promoverá un mapa de necesidades de servizos para persoas maiores, soas, e/ou dependentes e desenvolverá un Plan de Servizos de Proximidade, a implementar mediante a colaboración coas entidades de iniciativa social, con entidades mixtas (público-privadas) e coas empresa da economías social, de tal xeito que sirvan de xeito planificada a complementar os Servizos de Axuda no Fogar e que sirvan mellorar a empregabilidade –especialmente das mulleres- no medio rural e costeiro non urbano, con criterios de calidade na prestación do servizo, e con calidade no emprego das persoas traballadoras do mesmo.

Achega: A administración autonómica en colaboración coa administración local, habilitarán un servizo de formación/asesoramento de urxencia no ámbito do domicilio para as persoas

coidadoras que teñen que facerse cargo, de xeito sobrevenido, do coidado dunha persoa dependente.

Achegas complementarias ao Anteproxecto de Lei -non específicas dun artigo-:

1.- Aproveitar a trazabilidade dos produtos ecolóxicos de calidade, fomentando, priorizando e promocionando a agricultura ecolóxica e a economía circular de produción e consumo de proximidade. Desenvolver o potencial do medio rural galego como modelo residencial de envellecemento activo e saudable.

2.- Promover unha mellor regulación normativa que facilite o acceso ao solo agrario, coa redución da burocracia e o incremento da oferta de terras dispoñibles, e unha política de beneficios fiscais tanto para vivir como para realizar actividades económicas no rural. Impulsar políticas de recuperación de terras agrarias abandonadas e particularmente das transformadas en superficies forestais.

3.- Dotar de máis peso ás medidas destinadas aos pagamentos ambientais e por servizos ecosistémicos, tanto para as explotacións agrarias como para os propietarios ou xestores de superficies forestais. Desenvolvemento de axudas específicas para a poboación rural ligadas mantemento de determinados tipos de actividades necesarias para a conservación de certos tipos de hábitats. Transferencias fiscais aos municipios rurais en concepto de canon polas funcións ambientais e socio-comunitarias da súa cidadanía.

4.- Desenvolvemento de novas políticas que estimulen o retorno ou a atracción de persoas mozas ao rural, en base á calidade de vida e ás oportunidades de negocio, especialmente nas industrias agroalimentarias, no turismo biosaudable e termal, no turismo gastronómico, nas enerxías renovables e na prestación de servizos asistenciais.

5.- Desenvolvemento de políticas que faciliten o retorno dos emigrantes aproveitando as oportunidades que isto ofrece para revitalizar a economía local.

6.- Desenvolvemento dun Estatuto das Mulleres Agricultoras, como unha ferramenta para fomentar o traballo das mulleres no sector primario e o seu papel no entorno rural e na economía da zona rural.

7.- Desenvolvemento de Plan de Igualdade e Conciliación e corresponsabilidade para as zonas rurais e costeiras non urbanas, de tal xeito que se enfoque no sector agro-gandeiro, forestal e pesqueiro-marisqueiro, atendendo as singularidades e peculiaridades do traballo, e das formas de traballo, de ditos sectores.

8.- Plan de ordenación de usos do solo que posibilite un desenvolvemento sostible do mundo rural. Plan de fomento da formación regrada e non regrada vencellada a actividades agroforestais e turísticas. Plan de identificación, protección e promoción de produtos endóxenos certificados, potenciando os mercados locais e os circuítos curtos de comercialización. Plan director de conservación patrimonial e dinamización de actividades turísticas no mundo rural.

9.- Mantemento e impulso de medidas de conciliación e de dotación de servizos enfocados especificamente ás necesidades das familias con nenos/as no rural. Potenciar políticas de emprego no rural con enfoque de xénero.

10.- Nas zonas rurais e costeiras non urbanas, a administración elaborará un mapa e calendario de coberturas médicas, especialmente do servizo de pediatría, de médicos de familia e dos PAC, de tal xeito que se garanta durante todo o ano a cobertura de ditos servizos en tódolos centros de saúde evitando, evitando os baleiros que de xeito reiterado se producen en ditos servizos durante os períodos de vacacións, e que ocasionan grandes trastornos as familias de ditas contornas, mermando a calidade asistencial das persoas usuarias e colapsando os servizos de urxencias.

10. De: Sistema de avisos da Xunta de Galicia <nonresponder@xunta.gal>

Enviado: martes, 23 de julio de 2019 10:13

Para: Politica Social, Tecnicoxuridico

Asunto: Normativa en tramitación: recibida unha nova suxestión
Mensaxe enviada desde o portal https://transparencia.xunta.gal
Comunicámoslle se recibiu unha nova suxestión cos seguintes datos:
Título da norma: Anteproxecto de lei de impulso demográfico de Galicia
Nome e apelidos: Soraya Fernández Saavedra
Entidade á que represento:
Enderezo:
Código postal:
Provincia:
Concello:
Teléfono:
Fax:
Email: sori24031983@hotmail.com
Data suxestión: 23/07/2019 10:13
Texto suxestión:

En relación ó referido anteproxecto, considero que sería prioritario optar por medidas tendentes á conciliación real da vida laboral e familiar que non supoñan o impulso de ter que deixar ós nosos fillos nunha escola infantil prácticamente desde que nacen, e digo esto con absoluto respecto á función que realizan en ditas escolas. Pero acudir a esta solución debería ser unha opción, non unha obriga, para os pais e nais que temos a clara preferencia de telos con nós e crialos neses primeiros anos. Por elo, considero que neste anteproxecto faltan medidas dirixidas á implantación de baixas de maternidade máis amplas (ata os 6 meses de vida mínimo, sendo éste o prazo que a OMS recomenda a lactancia materna exclusiva), e apoios reais de conciliación para os pais (segue estando normalizado que a nai se colla a baixa completa, non se pode negar que, sobre todo si se opta pola lactancia materna, é imprescindible a presenza da nai na vida dos fillos, pero a realidade é que que a baixa a collan os pais segue sendo unha conta pendente na sociedade, en xeral). Menos medidas para que nos críen os fillos ós de fóra (xa digo, con todo o respecto que me merecen), e máis medios para que poidamos crialos nós se é a nosa opción, como fillos nosos que son.

Este correo é só informativo. Por favor non responda a el, xa que a conta desde a que se enviou non está habilitada para recibir mensaxes.

Se necesita información adicional sobre esta notificación ou extravía este correo, pode requirir unha copia das alegacións que se presentaron para esta normativa escribindo a normativa.transparencia@xunta.gal.

11. De: Sistema de avisos da Xunta de Galicia <nonresponder@xunta.gal>

Enviado: martes, 23 de julio de 2019 13:05

Para: Politica Social, Tecnicoxuridico

Asunto: Normativa en tramitación: recibida unha nova suxestión
Mensaxe enviada desde o portal https://transparencia.xunta.gal
Comunicámoslle se recibiu unha nova suxestión cos seguintes datos:
Título da norma: Anteproxecto de lei de impulso demográfico de Galicia
Nome e apelidos: MARINA VAZQUEZ ALVAREZ
Entidade á que represento: ASOCIACIÓN MSPE (MADRES SOLTERAS POR ELECCION)
Enderezo:
Código postal:
Provincia:
Concello:
Teléfono: 625827491
Fax:
Email: delegadagalicia@madressolterasporeleccion.com
Data suxestión: 23/07/2019 13:05
Texto suxestión:

En primer lugar queremos agradecer la mención constante a la diversidad familiar y al respeto por los diferentes modelos de familia que aparece a lo largo de todo el texto y especialmente por nombrar en varias ocasiones a nuestras familias. Queremos darles la enhorabuena también por la modificación de la definición en la que ya nos incluyen de manera directa y nos sentimos reconocidas. También nos parece importante el apoyo a las familias que necesiten reproducción asistida y con donación del art 40.

En cuanto a complementar aspectos que la Ley recoge y que nos afectan pero no nos menciona a la hora de ciertos reconocimientos o ayudas, hemos de destacar lo siguiente:

I- En la exposición de motivos de la ley, en la página 9, dice que se recoge un apoyo especifico a familias numerosas por contribuir a la sociedad con la ayuda al relevo generacional, pensamos que aquí no estaba de más hablar de las familias monoparentales en origen.

II. En el artículo 13.1.a), en la definición de nuestro modelo de familia nos gustaría que se refiriera a nosotros como como monoparentales en origen o como "hombres o mujeres que afrontan la maternidad y paternidad en solitario, o monoparentalidad en origen". Porque de esta forma, además de explicar el concepto, acuñaríamos nuestra denominación específica "familias monoparentales en origen" como subgrupo dentro del grupo de supuestos de familias monoparentales .

III. En el Titulo II capitulo I articulo 28. Renda familia estandarizada. Hay que recordar qué se debe rectificar para las familias monoparentales en origen, compensando esa renta per capita, pues solo hay un progenitor.

IV. Capitulo II articulo 32. Axuda para as melloras da vivenda. Habla de un trato diferenciado a las numerosas, pero no nos mencionan a nosotros, cuando se ha dicho en otras ocasiones que nos hacen un trato especial en vivienda lo que no es cierto, es por ello que les solicitamos nos incluyan en este articulo.

V. Articulo 33 apoio transporte. Se vuelve a hablar de beneficios a las familias de especial consideración, pero es preciso que se aplique cuanto antes.

VI: Art 36. Especial consideración a familias numerosas. La reducción en peajes, reducción en aparcamientos en hospitales públicos o centros similares. Las familias monoparentales también necesitamos este tipo de bonificaciones concretas y que nos facilitarían el día a día y ayudarían a nuestra economía familiar, recordando que somos las únicas sustentadoras de la familia. Por el mismo motivo, sugerimos también bonificaciones en impuestos locales, y quisiéramos saber si tendrán en cuenta la renta o solo el modelo de familia.

Decirles por último que estaremos atentas y dispuestas a trabajar en equipo con Ustedes para ayudarles a concretar ese Plan de Apoio as familias monoparentais que se comprometen a realizar en un año.

Muchas gracias por su atención. Cordialmente,

Este correo é só informativo. Por favor non responda a el, xa que a conta desde a que se enviou non está habilitada para recibir mensaxes.

Se necesita información adicional sobre esta notificación ou extravía este correo, pode requirir unha copia das alegacións que se presentaron para esta normativa escribindo a normativa.transparencia@xunta.gal.

12. De: Sistema de avisos da Xunta de Galicia <nonresponder@xunta.gal>
Enviado: miércoles, 24 de julio de 2019 10:29
Para: Politica Social, Tecnicoxuridico
Asunto: Normativa en tramitación: recibida unha nova suxestión
Mensaxe enviada desde o portal https://transparencia.xunta.gal
Comunicámoslle se recibiu unha nova suxestión cos seguintes datos:
Título da norma: Anteproxecto de lei de impulso demográfico de Galicia
Nome e apelidos: Xesús María Vilas Otero
Entidade á que represento: Plataforma de Organizacións de Infancia de Galicia
Enderezo: Rúa Belvís, nº2
Código postal: 15703
Provincia: A Coruña
Concello: Santiago de Compostela
Teléfono: 981582243
Fax:
Email: secretariatecnica@infanciagalicia.org
Data suxestión: 24/07/2019 10:29
Texto suxestión:

Desde a Plataforma de Organizacións de Infancia de Galicia, remitimos as alegacións realizadas polas entidades membro: Asociación Galega de Atención Temperá (AGAT) e a Fundación MENIÑOS.

Este correo é só informativo. Por favor non responda a el, xa que a conta desde a que se enviou non está habilitada para recibir mensaxes.

Se necesita información adicional sobre esta notificación ou extravía este correo, pode requirir unha copia das alegacións que se presentaron para esta normativa escribindo a normativa.transparencia@xunta.gal.

RV: Normativa en tramitación: recibida unha nova suxestión

Fernández Ribeiro, María Jose

mié 24/07/2019 15:41

Para:secretariatecnica@infanciagalicia.org <secretariatecnica@infanciagalicia.org>;

(12)

Boas tardes,

Recibimos a través do portal de transparencia a suxestión presentada por vostede en representación da Plataforma de Organizacións de Infancia de Galicia ao Anteproxecto de Lei de impulso demográfico de Galicia.

Na comunicación indica que presenta alegacións ao anteproxecto mais non consta documento adxunto coas alegacións indicadas.
Polo exposto, informamoslle que todavía pode remitir as suxestións que estime oportunas.
Recordase que hoxe remata o prazo para a presentación das observacións, alegacións, suxestións que se estime ano anteproxecto de lei.

Un saúdo,

Tb secund. telef.

Secretaría Xeral Técnica. Consellería de Política Social
Subdirección Xeral de Coordinación Administrativa
Servizo de apoio técnico-xurídico
MªJosé Fernández Ribeiro

De: Politica Social, Tecnicoxuridico
Enviado: miércoles, 24 de julio de 2019 11:05
Para: Fernández Ribeiro, María Jose
Asunto: RV: Normativa en tramitación: recibida unha nova suxestión

Servizo de Apoio Técnico Xurídico
Secretaría Xeral Técnica
Consellería de Política Social
Teléfono: 981957698

De: Sistema de avisos da Xunta de Galicia <nonresponder@xunta.gal>
Enviado: miércoles, 24 de julio de 2019 10:29
Para: Politica Social, Tecnicoxuridico
Asunto: Normativa en tramitación: recibida unha nova suxestión

Mensaxe enviada desde o portal https://transparencia.xunta.gal
Comunicámoslle se recibiu unha nova suxestión cos seguintes datos:
Título da norma: Anteproxecto de lei de impulso demográfico de Galicia
Nome e apelidos: Xesús María Vilas Otero
Entidade á que represento: Plataforma de Organizacións de Infancia de Galicia
Enderezo: Rúa Belvís, nº2
Código postal: 15703
Provincia: A Coruña
Concello: Santiago de Compostela
Teléfono: 981582243
Fax:
Email: secretariatecnica@infanciagalicia.org
Data suxestión: 24/07/2019 10:29
Texto suxestión:

Desde a Plataforma de Organizacións de Infancia de Galicia, remitimos as alegacións realizadas polas entidades membro: Aso

Este correo é só informativo. Por favor non responda a el, xa que a conta desde a que se enviou non está habilitada para recibir mensaxes.
Se necesita información adicional sobre esta notificación ou extravía este correo, pode requirir unha copia das alegacións que se presentaron para esta normativa escribindo a normativa.transparencia@xunta.gal.

Xunta de Galicia
A información contida nesta mensaxe e os seus posibles documentos adxuntos é privada e confidencial e está dirixida unicamente ao seu destinatario. Se vostede non é o destinatario orixinal desta mensaxe, por favor, elimíneo.
La información contenida en este mensaje y sus posibles documentos adjuntos es privada y confidencial y está dirigida únicamente a su destinatario. Si usted no es el destinatario original de este mensaje, por favor elimínelo.
The information in this message and any attachments that may be included with it, is private and confidential and is directed exclusively to the message's recipient. If you are not the original recipient is message, please erase it.

RE: Normativa en tramitación: recibida unha nova suxestión

Normativa en Tramitación - Portal Transparencia

mié 24/07/2019 15:28

Para:Fernández Ribeiro, María Jose <maria.jose.fernandez.ribeiro@xunta.gal>;

Cc:Normativa en Tramitación - Portal Transparencia <normativa.transparencia@xunta.gal>;

Bo día en relación a esta consulta sobre o anteproxecto https://transparencia.xunta.gal/tema/informacion-de-relevancia-xuridica/normativa-en-tramitacion/en-prazo-de-envio-de-suxestions/-/nt/0401/anteproxecto-lei-impulso-demografico-galicia
comentar que ata a data e hora actuais recibíronse 15 suxestións.

Revisando a información arquivada no portal dentro do correo remitido por Xesús María Vilas Otero rexistrado en data 24/07/2019 9:59:00 non figura ningún arquivo anexo, co que, como ten acontecido noutras ocasións, enténdese que esta persoa puido esquecer de anexar o documento antes de enviar a súa suxestión.

Saúdos,

Normativa en tramitación - Portal de Transparencia e Goberno aberto
Área de Modernización das Administracións Públicas
Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia
Xunta de Galicia
http://transparencia.xunta.gal

De: Fernández Ribeiro, María Jose
Enviado el: miércoles, 24 de julio de 2019 13:35
Para: Normativa en Tramitación - Portal Transparencia
Asunto: RV: Normativa en tramitación: recibida unha nova suxestión

Bos días,

En relación a las alegaciones aportadas por Xesús María Vilas Otero, que representa a la Plataforma de Organizacións de Infancia de Galicia, al anteproyecto de ley de impulso demográfico de Galicia, **en el escrito consta que remite alegaciones pero no consta archivo adjunto. ¿Podría comprobarse si adjuntó algún documento?**

Saludos,
Servizo de apoio técnico-xurídico. Consellería de Política Social
MªJosé Fernández Ribeiro

De: Politica Social, Tecnicoxuridico
Enviado: miércoles, 24 de julio de 2019 11:05
Para: Fernández Ribeiro, María Jose
Asunto: RV: Normativa en tramitación: recibida unha nova suxestión

Servizo de Apoio Técnico Xurídico
Secretaría Xeral Técnica
Consellería de Política Social
Teléfono: 981957698

De: Sistema de avisos da Xunta de Galicia <nonresponder@xunta.gal>
Enviado: miércoles, 24 de julio de 2019 10:29
Para: Politica Social, Tecnicoxuridico
Asunto: Normativa en tramitación: recibida unha nova suxestión

Mensaxe enviada desde o portal https://transparencia.xunta.gal
Comunicámoslle se recibiu unha nova suxestión cos seguintes datos:
Título da norma: Anteproxecto de lei de impulso demográfico de Galicia
Nome e apelidos: Xesús María Vilas Otero
Entidade á que represento: Plataforma de Organizacións de Infancia de Galicia
Enderezo: Rúa Belvís, nº2
Código postal: 15703
Provincia: A Coruña
Concello: Santiago de Compostela
Teléfono: 981582243
Fax:
Email: secretariatecnica@infanciagalicia.org
Data suxestión: 24/07/2019 10:29
Texto suxestión:
Desde a Plataforma de Organizacións de Infancia de Galicia, remitimos as alegacións realizadas polas entidades membro: Asociación Galeg

Este correo é só informativo. Por favor non responda a el, xa que a conta desde a que se enviou non está habilitada para recibir mensaxes.
Se necesita información adicional sobre esta notificación ou extravía este correo, pode requirir unha copia das alegacións que se presentaron para esta normativa escribindo a normativa.transparencia@xunta.gal.

Xunta de Galicia

A información contida nesta mensaxe e os seus posibles documentos adxuntos é privada e confidencial e está dirixida unicamente ao seu destinatario. Se vostede non é o destinatario orixinal desta mensaxe, por favor, elimíneo.

La información contenida en este mensaje y sus posibles documentos adjuntos es privada y confidencial y está dirigida únicamente a su destinatario. Si usted no es el destinatario original de este mensaje, por favor elimínelo.

The information in this message and any attachments that may be included with it, is private and confidential and is directed exclusively to the message's recipient. If you are not the original recipient is message, please erase it.

13.De: Sistema de avisos da Xunta de Galicia <nonresponder@xunta.gal>
Enviado: miércoles, 24 de julio de 2019 9:59
Para: Politica Social, Tecnicoxuridico
Asunto: Normativa en tramitación: recibida unha nova suxestión
Mensaxe enviada desde o portal https://transparencia.xunta.gal
Comunicámoslle se recibiu unha nova suxestión cos seguintes datos:
Título da norma: Anteproxecto de lei de impulso demográfico de Galicia
Nome e apelidos: Noela Blanco Rodríguez
Entidade á que represento: Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Enderezo: Rúa Hórreo, s/n
Código postal: 15701
Provincia:
Concello:
Teléfono: 981551534
Fax:
Email: paloma.rodriguez.castineiro@parlamentodegalicia.gal
Data suxestión: 24/07/2019 09:59
Texto suxestión:

Remítese de parte da deputada Noela Blanco Rodríguez, deputada pertencente ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia e membro do Observatorio Galego de Dinamización Demográfica as recomendacións ao Anteproxecto de lei de impulso demográfico de Galicia.

Un saúdo

Documento de suxestión: ver
axunto *"Recomendaci_ns_anteproxecto_lei_impulso_demogr_fico_de_Galicia.pdf"*
Este correo é só informativo. Por favor non responda a el, xa que a conta desde a que se enviou non está habilitada para recibir mensaxes.

Se necesita información adicional sobre esta notificación ou extravía este correo, pode requirir unha copia das alegacións que se presentaron para esta normativa escribindo a normativa.transparencia@xunta.gal.

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

RECOMENDACIÓNS AO ANTEPROXECTO DE LEI DE IMPULSO DEMOGRÁFICO DE GALICIA.

O **Grupo Parlamentario dos Socialista de Galicia**, a través da súa representante no *Observatorio Galego de Dinamización Demográfica*, e de acordo ao tratado na súa reunión do pasado día 8 de xullo, presenta as seguintes consideracións en relación ao "A*nteproxecto de lei de impulso demográfico de Galicia"* (en adiante AL), para trasladar á Consellería de Política Social da Xunta de Galicia.

I. *INTRODUCIÓN*

Chama a atención que o AL, agora elevado ao proceso de exposición pública para formulación de alegacións, aínda que formaba parte dos compromisos do Goberno galego dende o ano 2016, iníciase na súa tramitación administrativa practicamente tres anos máis tarde.

Incluso cabe recordar que xa o Plan anual normativo aprobado pola Xunta de Galicia para executar durante o exercicio do 2018, incluía a través da Consellería de Política Social, a remisión dun proxecto de lei de impulso demográfico, sen que dita previsión fora cumprida. Cabería referirse tamén a este respecto, que pese a imposición legal existente da aprobación pola Xunta de Galicia dun plan normativo para o actual ano 2019, esta obriga está a ser incumprida, posiblemente polo exiguo e moi escaso balance do cumprimento existente en anos anteriores no relativo aos proxectos de lei aprobados respecto aos anunciados.

Tendo en conta ademais, que a propia Disposición adicional segunda do AL, establece o prazo dun ano dende a entrada en vigor da lei, para elaborar pola Comisión para o impulso demográfico a elaboración dunha estratexia conxunto para a ordenación e coordinación das políticas das administracións públicas en Galicia en materia demográfica, así como o mesmo prazo para a elaboración dun

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

plan de apoio ás familias monoparentais (indefinido), cabe deducir que os efectos concretos da lei non terán incidencia significativa algunha na actual Lexislatura. Máis cando, como se pode comprobar, as medidas contempladas xa existen en moi boa medida na actualidade e non constitúen novidades normativas salientables.

II. *CONSIDERACIÓNS XERAIS*

Con carácter xeral pódense realizar as seguintes consideracións:

- Carácter sumamente xenérico e meramente descritivo de moitas disposicións do AL que, en demasiadas ocasións, afectan á propia esencia e a determinacións básicas e que aínda que deberan estar perfectamente definidas ou delimitadas no mesmo, unicamente se citan de xeito excesivamente xeneralista, constatando pois un exceso pouco permisible de indeterminacións.
- Falla igualmente de contido e concreción respecto aos medios, principalmente financeiros e materiais, necesarios para acadar os obxectivos promulgados, tanto propios como dos que se puideran beneficiar outras administracións. A existencia de formulacións xerais a indeterminados aumentos futuribles, ou a confusa redacción da Disposición adicional primeira, non resolve tal cuestión. Mais cando o AL non recolle, a diferenza doutros textos lexislativos, artigo algún referido ás diferentes fontes de financiamento previsto para poder acometer os numerosos plans, programas ou medidas relatados.

1

Non deixa de sorprender a este respecto a valoración, recollida nos medios de comunicación, que dende os propios responsables da Xunta de Galicia realízase, comezando polo seu propio Presidente, con respecto o que suporá a lei unha vez entre en vigor, cunha estimación valorativa de 700 millóns de euros anuais, o que equivalería practicamente a dotación total da propia Consellería de Política

Social. E que, a falta de documentación xustificativa, máis parece asemellarase (acaso exclusivamente) á actual suma das diversas partidas xa existentes a nivel orzamentario para as distintas consellerías, máis que a disposicións novidosas que conteña o AL.

É indispensable en consecuencia acompañar o Anteproxecto de lei dunha Memoria Económica que con concreción determine o custe financeiro das medidas propostas e as fontes de onde os recursos previstos deben achegarse; así como dunha previsión en materia de recursos humanos e físicos precisos.

- Falla de homoxeneidade ao respecto das diversas cuestións sectoriais reflectidas, en moitas ocasións demasiado xerais e non desenvolvidas, ou en outras recollendo simplemente cuestións que en gran medida xa están reguladas na actualidade en diversa normativa sectorial de rango inferior, polo que, ademais, constátase o innecesario ao respecto dunha norma con carácter de lei, cando puideron ser aprobadas sen o amparo o baixo paraugas de ningunha.

- Falla de calquera proceso para a concreción ou temporalización do AL, así como controis sobre o seu grado de cumprimento, tanto no que respecta aos obxectivos como a moitas das medidas recollidas, sen que pareza razoable manifestar, como realizan as persoas con responsabilidade política no ámbito autonómico, que os resultados tardarán un longo prazo en ser recoñecidos , ou que, por exemplo, que non se espere ningún resultado concreto ao respecto do aumento no número de nacementos a curto prazo.

Con elo parece que o executivo galego - que leva máis de dous lustros co mesmo Presidente da mesma formación política - parece querer trasladar as súas responsabilidades cara ao futuro e de xustificar a súa falta de iniciativas ao respecto, estando máis preocupado en manifestar que se aprobaron medidas legais, aínda que constitúan en gran medida unha mera declaración de intencións, máis que en, efectivamente, reverter a situación demográfica, sen que sexa esta

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

unha cuestión na que poida ter cabida ningunha formulación de carácter partidario, mediático ou propagandístico.

Compre en consecuencia acompañar o AL dunha programación concreta e con calendario de evolución dos indicadores demográficos ou sociais que se determinen, que permita avaliar a adecuación ao longo do tempo das medidas aos obxectivos propostos. En consecuencia, os indicadores deben ser tamén escollidos e reflectidos na normativa. Compre partir da experiencia destes últimos anos, para evitar que as medidas normativas se limiten a darlle cobertura a evolucións xa existentes (que é o que sucede coas perspectivas de retorno).

Un texto legal non parece o instrumento máis acaído para afrontar unha cuestión, como a da regresión demográfica e as súas múltiples consecuencias, que presenta unha fasquía poliédrica, esixe actuar sobre aspectos moi diversos da realidade e, sobre todo, obriga a actuacións concretas e mantidas no tempo. Trátase máis de plans ou programas que de regulacións legais. Con todo, ao ser un anteproxecto de lei o mecanismo escollido pola Xunta de Galicia enviamos as suxestións que figuran neste documento.

III. *CONSIDERACIÓNS ESPECÍFICAS*

En relación aos diversos temas sectoriais que contén ou aquelas referidas a cuestións que debera conter o texto normativo, pero que non se reflicten ou o fan de xeito moi parcial, cabe, entre outras, realizar as seguintes consideracións, en listado non pechado:

3.1. INMIGRACIÓN E RETORNO

✓ **Xeral**

1. Debera conter unha visión máis ampla sobre o retorno a Galicia, dando lugar a unhas medidas máis completas que as que se recollen de xeito moi xeral

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

no AL (basicamente no seu artigo 66), entre as que cabería citar, por exemplo, a elaboración dun plan específico ao respecto, que serviría de complemento ao *"Plan de retorno a España"*, aprobado polo consello de Ministros do 22 de marzo do 2019 e onde se prevén ata 50 medidas diferentes que, en parte, poderán ser ampliadas dende o ámbito autonómico.

2. Cuestión á que debe unirse unha idea máis ampla sobre ás persoas da chamada "Galicia exterior", para dirixirse igualmente á posibilidade de incluír a captación de investimentos cara a nosa Comunidade. Co establecemento dunha rede de conexión hoxe inexistente como a de creación de traballadores e profesionais galegos no exterior ("Orgullo Galego").

3. Así como un compromiso coa integración social de inmigrantes (tanto os que teñen cidadanía española pero nunca viviron en Galicia como os que non), mediante o establecemento dun Plan de Integración, que contemple medidas de aprendizaxe dos dous idiomas oficiais da Comunidade Autónoma, acceso ás prestacións sociais básicas, etc.

Máis en concreto:

✓ **Retorno de emigrantes:**

Elaboración do **Plan de Retorno a Galicia** para un período de 5 anos, inclusivo e non discriminatorio.

Co compromiso expresado na Lei de presentalo no Parlamento de Galicia no pazo máximo de 9 meses dende a aprobación da lei.

O Plan debe conter varias accións:

1. Elaboración dun estudo para o coñecemento da realidade dos emigrantes galegos así como dos seus descendentes, a través do lanzamento dunha operación estatística elaborada polo IGE.

2. Creación dunha Xanela única para retornados, que xestionará o Programa de acompañamento individualizado de inserción laboral e social.

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

3. Creación dunha Rede de Mentoring profesional para persoas retornadas que acadaron con éxito a súa inserción.

4. Creación dunha unidade, en colaboración entre a Consellería de Educación e as Universidades, cos seguintes obxectivos:

- Facilitar a homologación de títulos académicos.
- Recoñecemento de competencias adquiridas no estranxeiro.
- Posta en funcionamento de Programas de Colaboración específica para acceso a cursos superiores de FP, Grao e Posgrao universitario.

5. Recoñecemento por parte da Administración autonómica da experiencia no sector público no estranxeiro.

6. Establecer facilidades para que concorran ás oposicións públicas persoas que compren os requisitos residentes no exterior.

7. Creación de prazas vinculadas ás Universidades galegas e Centros de Investigación con participación da Xunta de Galicia para o retorno de investigadores.

8. Creación dunha Rede de Colaboración Empresarial para a difusión das oportunidades de investimento en Galicia e de captación de proxectos.

9. Creación dun Programa de retorno xuvenil para emigrantes retornados.

10. Reforzo do programa de axudas extraordinarias a persoas emigrantes galegas retornadas que carezan de recursos suficientes para facer fronte aos gastos extraordinarios da unidade familiar derivados do seu retorno á Comunidade Autónoma de Galicia.

11. Reforzo do programa de axudas para promover o autoemprego e a actividade emprendedora na Comunidade Autónoma de Galicia das persoas galegas retornadas e dos seus descendentes.

12. Establecemento de bonificacións temporais na cota de autónomos así como na cota autonómica do IRPF.

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

13. Elaborar un plan de vinculación a Galicia dirixido a aqueles galegos e galegas non nados en Galicia ou de longa estadía no estranxeiro.

3.2 POLÍTICAS EN RELACIÓN COA SUBA DA FECUNDIDADE

✓ **Planificación da maternidade**

1. Elaborar conxuntamente entre a Consellería de Sanidade e a Consellería de Educación un programa para a planificación da maternidade con políticas activas que se implementarán nos centros de educación secundaria, de FP e nos centros de saúde e de planificación familiar, que conteña:

- Información sobre a prevención de embarazos non desexados
- Información sobre a preservación da fertilidade que permitan a mellor planificación da maternidade.
- Información sobre os tratamentos de reprodución asistida ás mulleres.

2. Garantir os tratamentos de reprodución asistida a todas as mulleres no sistema público de sanidade.

3. Establecemento dun programa específico que permita a dotación de servizos pediátricos e médicos de familia en atención primaria para dar cobertura ao tratamento de lactantes e nenos/as ate os 16 anos, de xeito que se cubran todos os centros de saúde durante todo o ano.

✓ **Familias:**

1. Garantía de igualdade de dereitos para todo tipo de familias sen discriminación

2. Consideración específica das familias monoparentais.

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

3. Revisión dos beneficios fiscais existentes nos impostos autonómicos para garantir a maior eficacia e a xustiza social e articulando un sistema que permite chegar tamén a aquelas familias que non declaran.

✓ **Vivenda:**

1. Elaborar un plan de emancipación xuvenil en materia de vivenda.

2. Elaborar un plan de vivenda en aluguer e de rehabilitación para as persoas con menos recursos económicos e para os emigrantes retornados, que teña en conta a demanda existente pero tamén a existencia de vivenda baleira no medio rural e costeiro non urbano

✓ **Loita contra a pobreza e a exclusión social**

1. Posta marcha dun programa de Renda Mínima compatible co salario que amplíe a axuda aos menores de familias con necesidade de xeito progresivo, co obxectivo de chegar ate os 15 anos nun horizonte definido. Chama a atención o completo descoñecemento que o AL fai con respecto á Risga, singularmente en relación aos seus tramos de inserción e de transición ao emprego.

2. A renda familiar estandarizada que prevé o artigo 28 do AL, que funciona a efectos estatísticos, non queda definida, sendo necesario proceder a unha formulación máis concreta e exacta da mesma. Incluso da redacción de tal artigo non queda establecido cando sería (ou non) de aplicación.

✓ **Medidas de conciliación**

1. Elaborar unha Estratexia de Conciliación na que teña en conta ás familias, as empresas, as administracións e aos sindicatos, que debe contemplar:

✓ Establecer unha estratexia de racionalización de horarios laborais.

✓ Medidas de flexibilidade na distribución do tempo de traballo.

✓ Medidas de flexibilidade espacial.

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

✓ Medidas de reforzo e asesoramento.

2. Escolas Infantís:

Dereito subxectivo universal a praza en escola infantil para toda a poboación de 0 a 3 anos en condicións de accesibilidade: preto dos lugares de traballo (parques empresariais, centros de traballo públicos, concellos rurais) e con taxas asequibles (gratuíto para un rango de renda familiar).

3. Centros de Día:

Dereito a praza para a poboación maior de 65 anos e persoas dependentes en condicións de accesibilidade: preto da vivenda, con taxas asequibles e con transporte.

✓ **Medidas de igualdade**

1. Facer efectivo o diálogo social e impulsar a negociación colectiva, tendo como un punto destacado da axenda a igualdade de dereitos de homes e mulleres e a eliminación de todo tipo de discriminación que dificulte a equiparación salarial ou a progresión na carreira das mulleres, contemplando especificamente aquelas que se derivan da maternidade.

2. Incrementar as políticas activas de emprego centrándoas na estabilidade laboral, con acordos entre axentes sociais apoiados pola Administración autonómica.

3. Reforzar e garantir os instrumentos e recursos de vixilancia, control e sanción da Autoridade Laboral para o cumprimento efectivo do principio desigualdade no ámbito laboral.

4. Avanzar na eliminación das violencias machistas, garantindo o estrito cumprimento das medidas acordadas no Pacto de Estado contra a violencia de xénero e garantir o seu impacto para mellorar a situación de estas mulleres.

5. Esixencia de infraestruturas públicas para a atención e coidados, accesibles e adecuados, de nenos e nenas, especialmente menores de 0 a 3 anos e de persoas maiores e/ou en situación de dependencia.

6. Fomentar a RSE nas empresas e persoas traballadoras autónomas que desenvolvan a súa actividade na Comunidade Autónoma de Galicia.

7. Elaboración de *"Plans de Impulso á Diversidade"*, coa finalidade de promover a importancia da variedade de xénero e xeracional nos diversos ámbitos (públicos e privados) de traballo, que conte co respaldo e implicación das diversas xefaturas ou direccións, promovendo un cambio de cultura cara á diversidade, ao tempo que desenvolver un estilo de liderado inclusivo.

8. Establecer de forma gradual un sistema de gratuidade das matrículas universitarias no primeiro curso de grao nas universidades públicas da Comunidade Autónoma de Galicia.

✓ **Administración autonómica**

Non existe un compromiso específico en relación coa propia administración autonómica. Neste sentido, sería preciso:

1. Establecer como una obriga legal os plans de igualdade na propia administración, organismos autónomos e empresas públicas, revisando os insuficientes instrumentos existentes.

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

2. Establecer na propia administración, organismos autónomos e empresas públicas a obriga legal de existencia de plans de conciliación, revisando as disposicións existentes sobre permisos, traballo a domicilio, vacacións e outros, mediante una negociación cos representantes sindicais.

3. Establecer un programa para a posta en marcha de escolas infantís destinadas aos centros de traballo da administración autonómica que non contan con eles.

4. Establecer como obriga legal un límite máximo de temporalidade nos diversos ámbitos funcionais da Administración autonómica, nunca superior ao 3 %, que elimine a estrutural e recolla só a que resulta imprescindible para atender circunstancias imprevistas ou cargas moi desiguais de traballo ao longo do ano. Obriga de por en marcha plans correctores cando se supera ese límite.

3.3 POLÍTICAS EN RELACIÓN CO EQUILIBRIO TERRITORIAL

✓ Medidas en relación cos servizos:

1. No AL deberían establecerse as pautas para a elaboración dun mapa de servizos básicos que garanta o acceso para o conxunto da poboación na totalidade do territorio de Galicia, dentro dun límite de tempo e de distancia que debe fixarse na lei. Unha vez completado este mapa, nun prazo de tempo determinado, debera establecerse un programa de actuación con dotación económica e calendario.

2. Na Galicia en risco de despoboamento toda decisión da administración autonómica que supoña o peche dun servizo básico para a poboación debería contar cun informe do organismos especializado de asesoramento previsto no AL.

Un resume dos informes tería que ser trasladado con carácter anual ao Parlamento de Galicia.

3. Crear un "F*ondo de Cohesión Demográfica*" determinado con criterios obxectivos e con destino ás administracións locais para poñer en práctica actuacións fundamentais para o impulso da súa poboación e que prevea a eliminación do confinanciamento nos programas da Xunta de Galicia para concellos en grave crise demográfica.

4. Así mesmo, o transporte público debería adaptarse de xeito que:

- Garantise a accesibilidade aos centros prestadores de servizos básicos.
- Tivese rutas e horarios compatibles cos horarios laborais e de formación.

5. Gratuidade no transporte público para os mozos e mozas menores de 19 anos.

6. Impulsar o transporte ferroviario de proximidade.

7. Mellora da conectividade de banda larga en todo o territorio, para acadar unha cobertura de preto do 100 % da poboación.

8. Creación dunha Axencia pública, para o equilibrio territorial, con carácter despolitizado, profesional e independente, seguindo o modelo escocés da *"Highlands and Islands Enterprise"* e constitúe un referente positivo que pode adaptarse as circunstancias de Galicia, coa que poidan colaborar outras administración, e que planifique, programe e xestione actuacións públicas para a garantía dos servizos básicos e para a atracción de empresas e a creación de emprego.

9. Revisión das áreas sanitarias, restablecendo as áreas ligadas aos hospitais comarcais.

10. Establecemento da obriga legal dun Catálogo mínimo de prestacións sanitarias nos hospitais comarcais, con calendario de incorporación.

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

11. A Administración autonómica promoverá requirimentos homoxéneos en todo o territorio para a prestación de servizos e axuda no fogar, de tal xeito que se mellore a calidade, a estabilidade no emprego e a prestación do servizo.

3.4 MEDIDAS DE CARÁCTER ORGANIZATIVO

1. A Comisión para o Impulso demográfico debera ter as seguintes funcións:

✓ Informar previamente das cuestións ou modificacións normativas con incidencia na cuestión demográfica.

✓ Establecer liñas de cooperación e coordinación entre a Comisión para o Impulso demográfico e o Observatorio Galego de Dinamización Demográfica, para a elaboración de informes anuais sobre o impacto das medidas adoptadas así como estudos e propostas de mellora, que deberá ser enviado ao Parlamento de Galicia para o seu exame e debate.

✓ Coordinar os informes e/ou estudos do punto anterior co Plan estatístico de Galicia.

2. Establecer unha canle de coordinación, cooperación e participación coa Comisionada do Goberno fronte ao Reto Demográfico. Como é coñecido, en xaneiro de 2017, o presidente do Goberno central, entón o presidente Rajoy, e os presidentes das Comunidades Autónomas, reunidos na Conferencia de Presidentes, acordaron impulsar por unanimidade medidas específicas para facer fronte aos desafíos demográficos. Para o cal encomendaron ao Goberno de España, ca colaboración das Comunidades Autónomas e as entidades locais, a elaboración dunha estratexia nacional fronte ao reto demográfico, que debería haber sido aprobada en xaneiro de 2018. O 27 de setembro foi constituído o grupo institucional do reto demográfico ca participación de todas as Comunidades Autónomas e representantes da FEMP, sendo dita estratexia

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

aprobada polo consello de Ministros e Ministras celebrado o pasado día 29 de marzo de 2019.

3. Establecer un procedemento de participación e control parlamentario sobre os obxectivos e programas previstos no AL, que faga posible unha avaliación periódica e seguimento dos mesmos.

IV. CONCLUSIÓN

En función das consideracións devanditas, considérase que o AL debe ser reformulado, ao tempo que solicítase que por parte da Consellería de Política Social déase traslado a este grupo parlamentario da documentación existente de calquera dos informes que ao respecto foran ou sexan elaborados, xa sexan do propio sector autonómico ou das diversas entidades externas, así como a remitir todas as alegacións presentadas ao AL e, posteriormente, a valoración que dende a Administración galega se realiza das mesmas.

Todo elo con independencia do tratamento que se realice no seu momento polo propio *Observatorio Galego de Dinamización Demográfica* do texto reformado, previa á aprobación do proxecto correspondente polo consello da Xunta de Galicia, e consecuentemente do trámite parlamentario que débese seguir para a aprobación, no seu caso e cas modificación que se consideren, polo Parlamento de Galicia, cara á promulgación dunha lei para o impulso demográfico de Galicia.

Santiago de Compostela, 24 de xullo de 2019

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez

Deputada do Grupo parlamentario Socialista e membro do Observatorio Galego de Dinamización Demográfica.

Asinado dixitalmente por:

Noela Blanco Rodríguez na data 24/07/2019 9:33:51

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

14. De: Sistema de avisos da Xunta de Galicia <nonresponder@xunta.gal>
Enviado: miércoles, 24 de julio de 2019 11:39
Para: Politica Social, Tecnicoxuridico
Asunto: Normativa en tramitación: recibida unha nova suxestión
Mensaxe enviada desde o portal https://transparencia.xunta.gal
Comunicámoslle se recibiu unha nova suxestión cos seguintes datos:
Título da norma: Anteproxecto de lei de impulso demográfico de Galicia
Nome e apelidos: RODRIGO BORJA PENIN DE SAA
Entidade á que represento: ASOCIACION GALLEGA DE ESCUELAS INFANTILES DE GALICIA (AGADEI)
Enderezo: AVENIDA HISPANIDAD 46
Código postal: 36203
Provincia:
Concello:
Teléfono: 678530900
Fax:
Email: oxardin@oxardin.com
Data suxestión: 24/07/2019 11:39
Texto suxestión:

ADXÚNTASE DOCUMENTO CON ALEGACIÓNS

Documento de suxestión: ver axunto *"Alegaciones_impulso_demografico_24-7-19.pdf"*
